

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA 5 DE MARZO DE 2024-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día 5 de marzo de dous mil vinte e catro ; as nove horas e vinte e tres minutos xuntase os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data Alcalde Don César Fernández Gil concelleiros/as: don Miguel García Domínguez, don Juan Carlos Fernández Fernández , dona Yolanda Gómez Gómez.

Está presente o Secretario do Concello, Francisco Fernández Castro.

Está presente o Interventor do Concello, D Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

### **1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior de 27 de febreiro de 2024..

### **2.- OBRAS MAIORES.-**

Non houbo.

### **3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.-**

Escrito de don Antonio Cartolano Blanco, en representación de Kaizen Karate Academy, solicitando autorización para o uso temporal do Centro Social de San Cristovo.

A xunta de goberno, por unanimidade, acorda autorizar a utilización de forma temporal do centro social de San Cristovo por Kaizen Karate Academy, de luns a venres e combinando o horario de utilización coas outras actividades.

Escrito de dona Dolores Lira Pousa, no que expón:

Que na rúa San Francisco nº11 desapareceu dende hai unhas semanas o contenedor do lixo ( verde) que viña prestando servizo na beirarrúa.

E solicita:

Que repoñan o contenedor no seu sitio.

A xunta de goberno,por unanimidade, acorda comunicar que se repoñera o contenedor de lixo ( verde) na rúa San Francisco 11.

### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.**

### **5.- CUESTIÓNS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.**

A xunta de goberno local, por unanimidade, acorda manifestar adhesión do concello de Ribadavia ao proxecto a presentar pola Deputación Provincial de Ourense relativo á subvención destinadas á transformación dixital e modernización dos sistemas de xestión do padrón municipal das entidades locais ,no marco do plan de recuperación, transformación e resiliencia.

Vista a solicitude presentada por don Luis Vila López, con rexistro de entrada no concello 2024-E-RE-210 no que solicita “ autorización para la instalación del circo inimitable Andros Show del 22 al 24 de marzo 2024, en el campo da feira de Francelos (400 m2 de ocupación) .También se solicita autorización para la colocación de 30 carteles publicitarios de 0,70 por 1 metros en mobiliario urbano que serán retirados por la propia empresa una vez finalice el evento. Circo sin animales.

A xunta de goberno, por unanimidade, acorda acceder ao solicitado.

#### **CESION DE DEREITOS DE COBRO**

Vista a solicitude de Galcaevents S.L. relativo a de cesión de dereito de cobro de factura núm. GC 12, de data 04/03/2024 pola asistencia técnica no funcionamento, conservación e mantemento do aparcamento municipal realizados por importe de 5.647,60 euros, a prol da mercantil Empresas Unidas Printes S.L, con CIF B72730104.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda:

Requerir a Galcaevents sl para que acredite atoparse ao corrente das obrigas de Seguridade Social e con Hacienda del Estado e coa Facenda autonómica.

A xunta de goberno toma coñecemento do CONVENIO DE COLABORACION ENTRE O CONCELLO DE RIBADAVIA \_E A ENTIDADE "SERVICIOS COMERCIALES DE INSERCIÓN LABORAL EIL, SLU", PARA A COLOCACION DE CONTEDORES EN ZONAS PÚBLICAS MUNICIPAIS.

#### **6.-ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo.

E sendo as nove horas e corenta minutos e non habendo máis asuntos que tratar se levanta a sesión do que como secretario extendo a presente acta.